O testo baleiro

relatada por Elaine L. Lindy

ilustrada por Jennifer Moher

O emperador de China anunciou un concurso para decidir quen será o próximo herdeiro ao trono. O emperador era un home vello e non tiña fillos. Como el amaba as plantas, proclamou que calquera neno que quixese ser o emperador debería ir ao palacio recibir unha semente real. Calquera neno que mostrase os mellores resultados dentro dun periodo de seis meses podería gañar o concurso e chegar a ser o próximo emperador.



Podes imaxinar o rebumbio que se montou! O día que se repartiron as sementes, unha chea de nenos esperanzados ateigaba o palacio. Cada neno volveu para a súa casa, portando unha preciosa oportunidade.

E así foi co neno Jun. El estaba considerado xa coma o mellor xardineiro da vila. Aos seus veciños encantáballes compartir os melóns, repolos e chícharos do seu xadín. Jun levou para a súa casa con moito coidado a semente do emperador, encerrada de xeito seguro entre as súas mans para que non caese, pero sen apertar demasiado para non esmagala.

Xa na casa, cubriu o fondo dun testo de flores con pedras grandes, enriba destas botou pedras máis pequenas e redondas, logo encheu o testo con terra húmida fertilizada. Enterrou a semente aproximadamente dous centímetros e cubriuna con terra areosa. Nos días seguintes, Jun, coma todos os outros nenos, regaba o seu testo cada día e estaba atento á primeira folla que brotase.

Cheun foi o primeiro neno da vila de Jun en anunciar que brotara a súa semente. Isto foi recibido con gritos de felicitación. Fanfurriñaba que seguramente sería o próximo emperador e practicaba as súas habilidades reais dándolles ordes aos nenos máis novos. Ming foi o seguinte neno cuxa minúscula planta brotou do seu testo, despois foi Wong. Jun estaba desconcertado: ningún deses nenos debería saber crecer as plantas tan ben coma el! Pero a semente de Jun non crecía.

Pronto brotaron as sementes nos testos de toda a vila. Os nenos construíron valados ao redor dos seus testos co fin de protexelos daqueles que puidesen envorcalos accidentalmente, ou non tan accidentalmente. En pouco tempo, ducias de brotes, nos distintos testos da vila, foron estirando as súas primeiras follas. Pero a semente de Jun non crecía. Estaba confundido e non se explicaba que estaba a pasar. Jun volveu plantar con moito coidado a súa semente noutro testo coa terra negra de mellor calidade e máis fertilizada do seu horto. Desfixo en anacos moi pequenos cada bóla de terra. Enterrou coidadosamente a semente, mantivo a humidade da parte superior e vixiou o testo cada día. Aínda así, a semente de Jun seguía sen crecer.

Pronto xurdiron fortes e poderosos talos dos testos coidados polos outros nenos da vila de Jun. Jun estaba triste e frustrado. Os outros nenos ríanse del.

Pasaron seis meses, e chegou o día en que os nenos debían levar as súas plantas ao palacio para participar no concurso. Limparon os seus testos ata que brillaron, limparon suavemente as follas grandes e vestíronse coas súas mellores roupas. Algúns pais camiñaban ao lado dos seus fillos namentres levaban o testo ao palacio, mantendo a planta en posición vertical para evitar que envorcase.

—Que farei? —lamentábase Jun aos seus pais, namentres miraba con atención pola fiestra como os outros nenos preparaban a súa volta triunfal ao palacio—. A miña semente non puido crecer! O meu testo está baleiro!

—Fixéchelo o mellor que puideches —díxolle o seu pai, movendo a cabeza.

—Jun, lévalle ao emperador o testo tal e como está —díxolle a súa nai—, fixeches todo o que puideches.

Avergoñado, Jun levou o seu testo baleiro camiño do palacio, namentres nenos alegres camiñaban á súa dereita e á súa esquerda levando testos abaneando con grandes plantas.

No palacio, os nenos colocáronse en filas coas súas plantas en flor e esperaron o xuízo. O emperador, envolto na súa bata de seda, camiñaba dando grandes zancadas diante da liña dos concursantes esperanzados, vendo cada planta con cara de desaprobación. Cando chegou a carón de Jun, puxo aínda máis cara de desaprobación e dixo:

—Que é isto? Tráesme un testo baleiro?

Jun fixo todo o que puido para evitar chorar.

—Co seu permiso, Súa Maxestade —dixo Jun—. Fíxeno o mellor que puiden. Plantei a súa semente coa mellor terra que puiden atopar, mantívena húmida e vixiada todos os días. Como a semente non crecía, incluso volvín plantala en terra nova. Pero non acababa de crecer. Síntoo —Jun agachou a cabeza.

—Hum —dixo o emperador. Deu a volta de modo que todo o mundo puidese escoitalo e falou con voz atronadora. —Non sei de onde conseguiron todos estes nenos as súas sementes. Ningunha das sementes que lles dei podería crecer, porque aquelas sementes estaban todas cocidas!

E o emperador sorriulle a Jun.

1.
Para que celebrou o concurso o emperador?

(A) Para ensinarlles aos rapaces cousas sobre as plantas.

(B) Para escoller o próximo emperador.

(C) Para demostrar a súa grandeza.

(D) Para atopar o mellor tipo de planta.

2.
Que recibiu cada neno do emperador?

1

3.
Por que se lle chamou a cada semente unha “preciosa oportunidade”?

(A) Cada semente daba unha oportunidade para gañar o concurso.

(B) Cada semente era de orixe real e moi cara.

(C) Cada semente podería crecer para dar unha bonita planta.

(D) Cada semente daba unha oportunidade para ser o mellor xardineiro.

4.

Atopa a parte da historia próxima a este debuxo dunha folla: .
Que é o que demostra que Jun era o mellor xardineiro da vila?

1

5.
Cal destes testos de flores se parece máis ao de Jun cando plantou a semente por primeira vez?

Ⓐ

Ⓑ

Ⓒ

Ⓓ

6.

Atopa a parte da historia próxima a este debuxo dunha flor: .
Que di este parágrafo sobre Jun?

(A) Que se preguntaba que planta crecería.

(B) Que pensaba que podería gañar a competición.

(C) Que plantou a semente con coidado.

(D) Que cometeu erros cando plantou a semente.

7.
Por que os nenos construíron valados ao redor dos seus testos?

(A) Para manter as follas limpas.

(B) Para evitar que as súas plantas fosen danadas.

(C) Para manter a terra húmida.

(D) Para evitar que os outros nenos visen as súas plantas.

8.
Que foi a primeira cousa que fixo Jun cando viu que a súa semente non crecía?

(A) Construíu un valado ao redor do testo.

(B) Regou a semente con máis frecuencia.

(C) Queixouse aos seus pais.

(D) Volveu plantar a semente noutro testo.

9.
Por que se rían os outros nenos de Jun? Utiliza o que pasou na historia para explicar a túa resposta.

2

10.
Por que cres que os pais de Jun lle dixeron que levase o testo baleiro ao palacio?

1

11.
Cal é a palabra que mellor describe como se sentía Jun cando camiñaba cara ao palacio para participar no concurso?

(A) Avergoñado.

(B) Perplexo.

(C) Esperanzado.

(D) Emocionado.

12.
Por que puxo cara de desaprobación o emperador mentres miraba o testo de Jun?

(A) Estaba preocupado polo concurso.

(B) Pensou que o testo de Jun non brillaba o bastante.

(C) Escondía o que estaba pensando.

(D) Non sabía por que Jun estaba alí.

13.
Por que lle dixo Jun “Síntoo” ao emperador?

(A) Fixera trampas no concurso.

(B) Non quería chegar a ser emperador.

(C) Pensou que decepcionara ao emperador.

(D) Regara a súa planta con demasiada frecuencia.

14.
Por que crecían as plantas nos testos dos outros nenos?

(A) Os outros nenos utilizaban mellor terra.

(B) Os outros nenos vixiaban os seus testos.

(C) As súas sementes estaban protexidas por valados.

(D) As súas sementes foron substituídas por outras novas.

15.
Que cres que o emperador valoraba máis nunha persoa?

(A) Ter habilidades reais.

(B) Ser unha persoa honesta.

(C) Ter respecto polos seus pais.

(D) Ser un bo xardineiro.

16.
Por que o emperador lle sorriu a Jun?

1

17.
Jun tivo diferentes sentimentos durante a historia. Utiliza o que liches para explicar por que Jun tivo cada un destes sentimentos.

Esperanza.

1

Perplexidade.

1

Derrota.

1

Original ID	TheEmptyPot
Title	The Empty Pot
Answer code	
Images	